

Orientación de Primaria

Fíxanse os criterios da lista de interinidades

Na Mesa Sectorial a Consellaría presentou unha modificación da orde de CADP referida á ordenación da lista de orientación do corpo de mestres. A modificación implica respectar a antigüidade de cadaquén nas listas de interinidades, aceptando a antigüidade na lista de Orientación para aquelas persoas que non consolidaron o seu posto noutra das listas do corpo de mestres.

A CIG-Ensino levaba anos reclamando que todo o profesorado interino puidese pedir prazas de Orientación, incorporándose ás listas se presentaban a titulación requirida. A Consellaría negouse ano tras ano a ter en conta esta proposta. A última vez que se negou a facelo foi na Mesa Sectorial do 15 de maio de 2018, cando se negociou a orde que regula o CADP. Con posterioridade a esa negativa a Dirección Xeral cambiou de idea e introduciu unha modificación na orde que foi a DOG que supoñía, de feito, deixar no final da lista a todas as persoas que traballaron exclusivamente por Orientación mais non consolidaran nas listas das especialidade de procedencia. A CIG-Ensino mantivo con posterioridade a ese cambio unha reunión co subdirector xeral para procurar que, cando menos, todo ese colectivo estivese sempre por diante das persoas que se incorporan ás listas de calquera especialidade e presentasen a titulación necesaria.

A proposta actual da Consellaría, que xa foi [avanzada pola CIG-Ensino](#) logo dunha nova reunión co subdirector xeral, supón considerar Orientación como unha especialidade máis e recoñecer o tempo traballado nela a efectos da ordenación nas listas. A proposta supón unha solución intermedia que como CIG-Ensino aceptamos, xa que atende en parte as demandas de dous colectivos con intereses contrapostos e que en ningún caso son responsábeis dos erros cometidos pola Consellaría desde o inicio das interinidades de Orientación: a xente a quen non se lle recoñecía a súa antigüidade nas listas de procedencia para pedir por Orientación e a das persoas que só traballaron por Orientación a que ese tempo traballado se tivese en conta.

Ademais da CIG-Ensino, UGT e ANPE estiveron a favor desta modificación. CCOO defendeu que non se tivese en conta a antigüidade nas listas de orixe.

A Consellaría acepta unha proposta da CIG-Ensino: os efectos de presentar a titulación requirida, en cada CADP.

A Consellaría de Educación aceptou unha proposta da CIG-Ensino respectiva aos efectos da presentación da titulación necesaria para chamamentos de substitucións. O sindicato defendeu que a documentación se poida presentar en calquera momento ao longo do

curso mais que os seus efectos para chamamentos sexan con cada CADP. Deste xeito a lista non sufriría cambios durante o curso escolar, como pasa coas demais listas, e sería coa publicación das persoas obrigadas a participar no CADP cando se actualizarían con quen poida incorporarse ás listas.

Esta medida foi tamén respaldada por ANPE e UGT e non contou co apoio de CCOO que optaba porque a lista se puidese actualizar permanentemente ao longo do curso, variando a orde das persoas substitutas.

Chamamentos para cubrir as prazas vacantes.

A día de hoxe hai 32 prazas pendentes de adjudicación, das que 4 son vacantes. Reclamamos que se cubran inmediatamente. A Consellaría explicou que agardaron a que a orde pasase pola Mesa para saber como quedaría finalmente a lista e que mañá, 25 de setembro, publicarán a orde no DOG e farán os chamamentos, tendo en conta as novidades incorporadas no día de hoxe.

A Orientación como especialidade, situación legal.

Temos que ter presente o marco legal no que nos movemos, cun [Real Decreto de especialidades](#) do corpo de mestres que non contempla a Orientación como tal especialidade. Así, por exemplo, non pode haber oposicións de Orientación e a lista de Orientación non tivo un comezo semellante ás demais especialidades (por listas de oposicións).

A Orientación en Galiza (non acontece igual noutras CC.AA.) é na práctica unha especialidade e, de feito, no acordo de catálogos figura como tal, mais ao non ser a efectos legais unha especialidade non se

pode dotar mediante o CXT senón que se accede por un concurso específico. Por tanto, a Orientación é hoxe un mecanismo de promoción interna, polo que para acceder a un posto fixo nun departamento de Orientación requírese ser funcionario de carreira do corpo de mestres. Todo o funcionariado en prácticas ou de carreira pode presentar para o CADP a titulación de Orientación e pedir destino, da mesma maneira que no concurso específico, con independencia do momento no que se obteña ou presente esa titulación, tense dereito preferente a optar ás xefaturas de departamento de Orientación.

Exemplo práctico de ordenación:

Partindo de que todas as seguintes persoas teñan a titulación necesaria, a ordenación da listaxe de Orientación pode verse no seguinte exemplo:

- 1. MESTRA DA LISTA DE INFANTIL DE 2008**
- 2. MESTRE DA LISTA DE PT DE 2012**
- 3. MESTRA DE ORIENTACIÓN DESDE 2013 QUE NON CONSOLIDOU NA ESPECIALIDADE DE ORIXE**
- 4. MESTRE DE ORIENTACIÓN DESDE 2015 QUE NON CONSOLIDOU NA ESPECIALIDADE DE ORIXE**
- 5. MESTRA DA LISTA DE AL DE 2016**
- 6. CALQUERA DOCENTE POSTERIOR NAS LISTAS OU DE CADA NOVA OPOSICIÓN QUE PRESENTA A TITULACIÓN**

Titulación requirida para poder optar a prazas de Orientación:

Licenciatura ou grao de Psicopedagogía, Pedagogía, Psicoloxía, ou en Filosofía e Ciencias da Educación (especialidades de Psicoloxía ou Ciencias da Educación) ou en Filosofía e Letras (especialidades de Pedagogía ou Psicoloxía)